




DE GUINEA VEU UN BARCO

De Henrique Dacosta falei hai non moito por mor de “Unha mada de doce relatos” (Laiovento), libro co que gañara por terceira vez o Carvalho Calero. E falei ben, porque este señor de Canido, de 1964, é un narrador consistente, que sabe o que conta e conta o que sabe (se me permiten o re-truécano). Non soamente isto, no relato breve é un mestre consumado nos cambios de tempo, na concisión narrativa, na habelencia á hora do argumento, no “crescendo” que fai que as historias dacostianas acaden, en primeira instancia, velocidade de cruceiro, para ir subindo nun remontar que as orza duns finais subidos de ton (mais nunca desafinados).

Agora, Henrique Dacosta volve á miña táboa de traballo con “O prezo da tentación” (Edicións Embora, Ferrol, 2008), unha novela que confirma que Dacosta constrúe historias que progresan (axeitadamente, se me consenten o termo da xerga docente), personaxes cribles, cousa básica na materia realista, e —sobre todo— conta cunha vocación relatora a proba de bombas, o que non é nada rexeitable en tempos nos que os agoireiros teñen cantado o “gori-gori” da novela como xénero. E eu penso que mentres haxa pezas como a que hoxe comento, informativas ademais da realidade guineana, mesmo pescudadoras do noso pasado recente como cidade (e Ferrol, aínda que un chisco daquela maneira, tamén se deixa ver aquí), non debemos falar de decadencia da novela.

Certo que Henrique Dacosta foi moi xeneroso ao escribir esta, metendo unha novela dentro da novela e, aínda, dando unha terceira volta de torca ou tornelo. O que podería facer pensar nunha posible incontinencia narrativa por parte do de Canido. Mais eu coido que tanta maneira torrencial ten como xustificación a extrema liberalidade relatora de Dacosta, quen debeu de pensar que a historia do tío Armando, volto da Guinea que aínda era colonia española, cos seus avatares amorosos, e o sobriño-neto tan atento á xogada, podía ser pouco. Ou demasiado liñal.

Henrique Dacosta O prezo da tentación



“O prezo da tentación”

Henrique Dacosta

Edicións Embora / 15 euros

“Mentres haxa pezas como a que hoxe comento non debemos falar de decadencia da novela”

Entón xorde a novela escrita polo propio Armando, que forma o centro do libro dacostiano, e que ben pode ser lida á parte. Como o romance do propio Mauro, o sobriño, e a bolseira. O que vai precipitar ese remate “in crescendo”, se cadra un pouco acelerado, que non alebrestado, no que a acción vai de novo a Guinea. Onde Mauro atopará ao fillo que alí deixara Armando. E de paso, xa que esta novela ten moito tamén de docudrama e aínda de documento histórico, Dacosta fará por informarnos da realidade actual (e ditatorial) da que fora colonia de España, mostrándonos personaxes tan de carne e óso comó, para a miña sorpresa, o vello amigo, e poeta, Paco Zamora. E é que este libro de lectura gratísima (despacheino en tres sesións) ofrece moito. E dá aínda máis. Non o perdan.

